

XIV CERTAME LITERARIO ESCOLAR

“INVENTA UNHA FLOR”

A Asociación Sociocultural Muíño do Vento, en colaboración cos centros educativos do barrio de Canido, promoven a participación na tradicional festa dos Maíos, coa convocatoria dun certame literario escolar que baixo o título de *Inventa unha flor* pretende lembrar e estimular os valores de cooperación, solidariedade, non violencia, igualdade e respecto pola Natureza mediante a palabra e o mantemento dos costumes populares e da lingua do noso país.

Inventa unha flor non ten intención competitiva senón cooperativa, polo que se procurará a colaboración entre o alumnado concorrente. Os textos escollidos en cadanseu centro formarán parte dunha publicación conxunta, en formato dixital e/ou papel.

Cada centro participante organizará a actividade en función das súas posibilidades e idade do alumnado.

Os participantes, de forma individual ou colectiva, presentarán un ou varios textos en calquera xénero e forma de expresión literaria, no que necesariamente se faga referencia aos maíos. O alumnado de Educación Infantil poderá concorrer cun traballo exclusivamente gráfico. Os textos presentaranse asinados co nome e a idade dos participantes.

Os textos terán de ser presentados en lingua galega. A súa extensión non será superior a dúas páxinas DIN A4, incluída ilustración.

Por cada Centro Educativo serán escollidos 12 traballos, que se farán chegar á ASC Muíño do Vento, antes do día 24 de abril, para a súa edición conxunta en formato dixital e/ou papel. Deses 12 traballos, cada centro escollerá 3 que serán lidos polos seus autores nun acto festivo conxunto, que se celebrará durante as festas do barrio.

Os autores e autoras dos traballos escollidos recibirán unha peza da ceramista Carme Romero. Por parte dos centros, buscarase a forma de expor os textos de todo o alumnado.

Alén diso, os centros educativos participantes comprométense a realizar un maio colectivo, en zona visíbel dende o exterior do recinto escolar, no que se procurará a implicación de toda a comunidade educativa.

No día 2 de maio, organizarase un acto literario-musical, consistente na lectura dos textos escollidos por cada centro educativo, a actuación do alumnado das propias escolas, así como dalgún outro grupo por determinar.